



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DÍA 8 DE XUÑO DE 2011**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas (PSdG-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

- D<sup>a</sup>. María Loureiro García (PSdG-PSOE)
- D. Rafael L. Fernández Amor (PSdG-PSOE)
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López (PSdG-PSOE)
- D. Jesús Antonio Fernández Cal (PSdG-PSOE)
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Concepción Toral Romero (PSdG-PSOE)
- D<sup>a</sup>. Olga María Mendez Carro (PSdG-PSOE)
- D. Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)
- D. Celestino V. García Paz (PP)
- D. Guillermo Leal Arias (Membro non adscrito)
- D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz (Membro non adscrito)
- D. Jesús Fernández Fernández (Membro non adscrito)
- D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez (Membro non adscrito)
- D. José Antonio Goás Basanta (BNG)
- D. Orlando Expósito Mariño (EU)

**EXCUSA A SÚA AUSENCIA**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Carmen Gueimunde González (PP)

**NON ASISTE:**

D. Juan José Pardo Gato (non adscrito)

**SECRETARIA ACCTAL**

D<sup>a</sup> Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas do día oito de xuño do dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria, D<sup>a</sup>. Fátima Moar Rivera, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira da convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.



**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS:**

**- EXTRAORDINARIA DO DÍA 31 DE MARZO DE 2011.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2011, producíndose as seguintes:

D. Celestino Valentín García Paz, Concelleiro do PP, que di que na páxinas: 12 e 14, onde di "... M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde Vila", debe dicir: "... M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González.

E por último na páxina 18, onde dí: "Seguidamente intervén a Concelleira do PP, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Guimunde González, debe dicir: "Seguidamente intervén o Concelleiro do PP, D. Celestino Valentín García Paz.

A continuación intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifestando que, na páxina 12, no punto núm. 5, sobre mocións do Concelleiro non adscrito D. Guillermo Leal Arias, relativa a "Ampliación do Hospital da Costa", na súa intervención debe dicir que este Concelleiro considérase ben tratado polo persoal do Hospital de Burela, pero non polo motivo de asistir ás manifestacións reivindicando un Hospital para a costa da Mariña.

A seguir, D. Jesús Fernández Fernández, Concelleiro non adscrito, intervén sinalando que na páxina 17, na Proposta do Concelleiro non adscrito, D. Guillermo Leal Arias, sobre cambio da porta do Concello, onde dí que xustifica a presentación da moción, debe dicir que D. Jesús Fernández Fernández, xustifica a presentación da dita moción.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (quince), acorda prestar aprobación á citada acta coas mencionadas observacións.

**- EXTRAORDINARIA DO 14 DE ABRIL DE 2011.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntaselles aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 14 de abril de 2011, producíndose a seguinte:

D. Celestino Valentín García Paz, Concelleiro do PP, que di que na páxinas: 12 e 14, onde di: "A continuación, intervén a voceira do PP, Dona M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González...", debe dicir: "A continuación, interven o Concelleiro do PP, D. Celestino Valentín García Paz...".

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (quince), acorda prestar aprobación á citada acta coa mencionada observación.



### **EXTRAORDINARIA E URENTE DO 22 DE ABRIL DE 2011.**

Polo Sr. Alcalde pregúntaselles aos Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria e urxente celebrada o 22 de abril de 2011.

Non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (quince), acorda aprobar a dita acta.

Para rematar intervén o Sr. Alcalde dicindo que o vindeiro sábado comeza unha etapa para a Corporación municipal e quere agradecer, sobre todo, ao Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que deixa a Corporación, despois de vinte e oito anos, non porque non saíra elixido, senón porque non se presentou. Resalta que é unha etapa moi importante da historia democrática de Viveiro, da esquerda e do movemento veciñal. Pensando nel e en todas e todas, quere agradecerlle a colaboración que lle deron; agradecer, tamén o traballo, a boa vontade que intentamos ter durante estes catro anos. Quere felicitarnos a todos os demais que deixan a Corporación: D. Vicente Hermida Rodríguez, D<sup>a</sup>. Olga Méndez Carro, D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz, D. José Antonio Goás Basanta, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Concepción Toral Romero, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez e D. Juan José Pardo Gato, todos desde a boa vontade e durante catro anos intentamos defender o que representamos o Concello de Viveiro, sempre partindo das ideas de cada un.

Manifesta que o vindeiro sábado hai unha nova Corporación que desexamos acerte plenamente este novo goberno. Os que imos a tomar posesión sabemos que vamos a seguir traballando por e para Viveiro.

Continúa dicindo: moitas grazas a todos, sobre todo por soportar a ironía miña e que Viveiro vai a continuar existindo estemos ou non nos. Imos a seguir traballando por e para Viveiro cos nosos puntos de vista.

Agradecer tamén a D<sup>a</sup>. Fátima Moar Rivera, porque cada vez que hai un vacío administrativo ou institucional neste Concello con toda a dificultade que conleva, Fátima asume como funcionaria o que faga falla para que Viveiro non estea sen secretario, sin personal ou sen Tesouraría, e poda continuar sen verse alterado o modo de funcionamento habitual da Corporación. Remata dicindo: Grazas, Fátima, pola túa colaboración e por que sei que nesta última etapa o pasaches bastante mal.

Sen máis dádevos por abrazados todos, se nos atopan tempos difíciles, hai que loitar por Viveiro.. ..



E sen mais asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinteunha trece horas e trinta minutos, de todo o que eu como Secretaria accidental dou fe.

Vº. e Prace  
O ALCALDE

A SECRETARIA ACCTAL